



BANDO

ENTROIDO 2026

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BURELA FAI SABER:

Estimadas veciñas e veciños,

Con motivo das actividades que se van a desenvolver no Concello de Burela relativas ao Entroido 2026, faise necesario modificar puntualmente a circulación de vehículos nalgúnhas rúas, tal e como se recolle no Decreto de Alcaldesa que o autoriza.

O **desfile do domingo 15 de febreiro** sairá ás 17:00 horas da rúa do Ril, e seguirá pola Avda. Arcadio Pardiñas, Eijo Garay e Pardo Bazán ata a Praza da Mariña.



Por este motivo é necesario:

- Prohibir a circulación de vehículos na rúa do Ril en todo o seu trazado e na rúa Camiño Real desde a rúa Río Sil (a que sube desde a gasolinera) ata a rúa Álvaro Cunqueiro (A que vai dar ao ximnasio Breogán e FREMAP) desde as 15:00 horas e ata que remate o desfile, excepto para os participantes neste.





BANDO

- Prohibir a circulación de vehículos na Avda. Arcadio Pardiñas desde a rúa do Ril ata Eijo Garay (Gadis), na rúa Eijo Garay desde Avda Arcadio Pardiñas ata Pardo Bazán (Banco Santander) e na rúa Pardo Bazán desde a rúa Eijo Garay ata a Casa da Cultura desde as 17:00 horas (ou desde o pase do encabezamento do desfile) ata que remate este, excepto para os participantes neste.
- Prohibir o estacionamento de vehículos desde as 14:00 horas ata que finalice o desfile nas rúas O Ril, en todo o seu trazado) e no aparcamento público de Camiño Real número 52 (fronte a Hipermóvil), para permitir o uso deste espazo aos participantes no desfile.
- Durante o paso do desfile tampouco se poderá acceder ou saír de garaxes con vehículos nos tramos polos que descorre este.
- As rúas que se cruzan ou teñen acceso ás que se empregan no desfile tamén se verán afectadas, polo que se colocará sinalización circunstancial e se pode variar o sentido de circulación. Por favor, estar atentos á sinalización.

Pola súa parte, o **Enterro da Sardiña terá lugar o mércores 18 de febreiro**, saíndo ás 20:00 horas da Avda. Arcadio Pardiñas fronte ao Campón (Mesón O Poeta) e descenderá tamén por Eijo Garay, Rosalía de Castro, Lamestra e Avda da Mariña, rematando no Areal do Penoural.



Neste caso haberá restricións temporais de circulación ao paso do Enterro da Sardiña, segundo as necesidades do desenvolvemento desta actividade.





BANDO

Ante calquera dúbida poden solicitar información no Concello ou, no momento dos desfiles poden chamar á Policía local de Burela no 629823171.

**BO ENTROIDO 2026 A TODAS AS VECIÑAS, VECIÑOS E VISITANTES, ASÍ
COMO OS MEUS MELLORES DESEXOS.**

MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO

ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DE BURELA.

